A avaliación única consiste dunha proba escrita seguida doutra proba oral que se realizarán no mesmo día en salas de aula contiguas. É preciso superar ambas as probas (escrita e oral) para superar a materia e, en caso de suspenso, haberá que recuperar ambas as probas na convocatoria de xullo.

A avaliación única valorarase da seguinte forma:

1. Proba escrita teórico-práctica: 75% da nota final.
2. Proba oral: 25% da nota final. Esta proba será gravada en formato audio e a participación nela suporá o consentimento da gravación.

É preciso superar ambas as probas (escrita e oral) para aprobar a materia.

A non presentación a unha das probas sen xustificante suporá a obtención nela dunha cualificación de 0 (cero) puntos.

A copia ou o plaxio nos respectivos exames das avaliacións continua ou única será penalizado cun suspenso (nota numérica: 0) nestas. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

#### Segunda edición das actas

Os mesmos criterios da avaliación única aplicaranse na segunda edición das actas (xullo).

No caso particular do alumnado de avaliación continua que non superase a materia na primeira convocatoria e tiver que acudir á segunda edición das actas, este terá que examinarse exclusivamente da parte ou partes que teñan suspensas (exame oral e/ou escrito).

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

- Carmo, Leonete, **Olá! Como está! Curso intensivo de lingua portuguesa**, Lidel, 2011
- Coimbra, Isabel e Coimbra, Olga Mata., **Gramática Ativa 1**, 3, Lidel, 2011
- Coimbra, Isabel e Coimbra, Olga Mata., **Gramática Ativa 2**, 3.ª, Lidel, 2012
- Cristóvão, Fernando (dir. e coord.), **Dicionário Temático da Lusofonia**, Texto Editores, 2005
- Dicionário da Língua Portuguesa 2011.**, Porto Editora, 2010
- Dicionário Editora de Espanhol-Português**, Porto Editora, 2008
- Dicionário Editora de Francês-Português.**, Porto Editora, 2011
- Dicionário Editora de Inglês-Português.**, Porto Editora, 2010
- Dicionário Editora de Português-Alemão**, Porto Editora, 2006
- Dicionário Editora de Português-Espanhol**, Porto Editora, 2010
- Dicionário Editora de Português-Francês.**, Porto Editora, 2009
- Dicionário Editora de Português-Inglês.**, Porto Editora, 2010
- Dicionário Moderno da Língua Portuguesa.**, Porto Editora, 2010
- Dicionário Moderno de Sinónimos e Antónimos.**, Porto Editora, 2012
- Dicionário Moderno de Verbos Portugueses.**, Porto Editora, 2010
- Duarte, Gonçalo (org.), **Histórias de Bolso**, Lidel, 2016
- Henriques, Teresa Sousa & Frederico de Freitas., **Qual é a Dúvida.**, Lidel, 2011
- Machado, José Barbosa., **Introdução à História da Língua e Cultura Portuguesas.**, Edições Vercial, 2009
- Ruela, Isabel., **Vocabulário Temático.**, Lidel, 2015
- www.flip.pt (Ferramentas para a língua portuguesa)),**  
**<http://www.portaldalinguaportuguesa.org/>,**  
**<http://www.ciberduvidas.com/>,**
- Bibliografia Complementaria**
- Castro, Ivo., **Introdução à História do Português**, Edições Colibri, 2006
- Sobral, José Manuel., **Portugal, Portugueses: Uma Identidade Nacional**, Fundação Francisco Manuel dos Santos, 2012

---

## Recomendacións

---

### Outros comentarios

-En todo caso, recoméndase a asistencia regular ás aulas e ás titorías e a consulta dos materiais e informacións específicas na plataforma FAITIC, mesmo que non se siga o sistema de avaliación continua.

-Un bo nivel de lingua galega axudará na comprensión e aproveitamento desta materia.

-A lectura e a audición de textos en lingua portuguesa axudarán a aumentar o léxico e a fluidez no uso da lingua.

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática**

Materia	Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática			
Código	V01G230V01109			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Miquel Verges, Joan			
Profesorado	Miquel Verges, Joan			
Correo-e	jmv@uvigo.es			
Web	http://jmv.webs.uvigo.es			
Descrición xeral	Segundo consta na Memoria oficial do Grao en Tradución e Interpretación [sic]: "Aprendizaxe avanzada do uso das ferramentas informáticas necesarias para a T/I: procesadores de texto, bases de datos, follas de cálculo, programas de TAC, creación de páxinas web, uso de glosarios en liña, etc."			

**Competencias**

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE23	Uso de ferramentas de tradución asistida
CE31	Coñecementos de informática profesional e TAC
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT12	Traballo en equipo
CT15	Aprendizaxe autónoma

**Resultados de aprendizaxe**

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Estar en condicións de desenvolver un uso eficiente das ferramentas informáticas máis habituais para a tradución, tanto a nivel autónomo como no traballo en equipo.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE10 CE11	CT12 CT15
Saber escoller e utilizar con destreza as ferramentas informáticas máis axeitadas para cada situación na práctica profesional da tradución.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE14 CE23	
Coñecer os fundamentos conceptuais e técnicos das ferramentas necesarias para a práctica profesional da tradución.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE31	CT5

**Contidos**

## Tema

1.- Introducción á materia de "Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática".	<p>1.1.- A Guía Docente da materia.</p> <p>1.2.- As guías dos diferentes temas da materia.</p> <p>1.3.- Características intrínsecas da materia contextualizadas no curso académico.</p> <p>1.4.- O proceso profesional da tradución (fases e ferramentas informáticas -hardware e software- asociadas).</p> <p>1.5.- A xestión de proxectos, ferramentas telemáticas e traballo colaborativo no ámbito da informática aplicada á tradución.</p>
2.- Tradución e tecnoloxías: procesos, ferramentas e técnicas de xestión.	<p>2.1.- A ofimática avanzada aplicada á tradución: i) Funcións avanzadas dos procesadores de texto e das follas de cálculo relacionadas co ámbito profesional da tradución e coa maquetación profesional de documentos (inclúe tarefas de uso das TIC e de traballo en nube); ii) A telemática, e a creación, tradución e hospedaxe de páxinas web (inclúe tarefas de uso das TIC e de traballo en nube); iii) Os programas lexicográficos, as bases de datos e as follas de cálculo relacionados co ámbito profesional da tradución (inclúe tarefas de uso das TIC e de traballo en nube).</p> <p>2.2.- Introducción á Tradución Asistida por Computador (TAC): definición, características, tipoloxía, principais programas de TAC, etc.</p>
3.- A Tradución Asistida por Computador (TAC).	<p>3.1.- A configuración básica do programa de tradución asistida por computador (opcións).</p> <p>3.2.- A configuración do entorno (escritura automática, autoensamblaxe, autopropagación, autocomprobación, autoenvío á memoria, autobúsqueda, etc.).</p> <p>3.3.- A interfaz de usuario de traballo.</p> <p>3.4.- O xestor de proxectos de tradución.</p> <p>3.5.- O xestor de memorias de tradución.</p> <p>3.6.- O xestor de terminoloxía.</p> <p>3.7.- O xestor de proxectos de alineación.</p> <p>3.8.- Cuestións relacionadas co entorno profesional (formatos, estándares, contaxe de unidades a facturar, orzamentos, facturación, optimización, etc.).</p> <p>3.9.- Traducir, pretraducir e pseudotraducir.</p> <p>3.10.- Exportación.</p>

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	5	10	15
Prácticas en aulas informáticas	21	41.5	62.5
Seminario	16	31.5	47.5
Titoría en grupo	5	0	5
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	0	19	19
Probas de tipo test	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	- Sesión introdutoria sobre a materia contextualizada no grao de tradución e interpretación, no módulo de ferramentas, no curso académico e no proceso profesional da tradución. - Sesión introdutoria sobre a Tradución Asistida por Computador (TAC).
Prácticas en aulas informáticas	- Práctica sobre a ofimática avanzada aplicada á tradución (consistente na realización de tres encomendas -so unha delas avaliable- relacionadas co ámbito profesional da tradución).
Seminario	- Seminario monográfico práctico sobre a Tradución Asistida por Computador (consistente na realización de tres encomendas -so unha delas avaliable- relacionadas co ámbito profesional da tradución).
Titoría en grupo	- Titoría en grupo relacionada coa proba práctica e a proba de tipo test nº 1. - Titoría en grupo relacionada coa proba práctica e a proba de tipo test nº 2.

## Atención personalizada

Probas	Descrición
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Comentario personalizado das diferentes probas realizadas polo alumnado.
Probas de tipo test	Comentario personalizado das diferentes probas realizadas polo alumnado.

<b>Avaliación</b>			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	- Proba práctica, de execución de tarefas reais e/ou simuladas, relacionada coa ofimática avanzada aplicada á tradución (que integra o uso das TIC) constituída por tres encomendas -pero so unha delas avaliable- (45%). - Proba práctica, de execución de tarefas reais e/ou simuladas, relacionada coa Tradución Asistida por Computador (que integra o uso das TIC) constituída por tres encomendas -pero so unha delas avaliable- (25%).	70	CB1 CE10 CT5 CB2 CE11 CT12 CB3 CE14 CT15 CB4 CE23 CB5 CE31
Probas de tipo test	- Proba de tipo test para validar os coñecementos e destrezas adquiridos polo alumnado na realización da proba práctica sobre ofimática avanzada aplicada á tradución; e tamén para avaliar os coñecementos e destrezas adquiridos de maneira autónoma polo alumnado relacionados cos temas pertinentes (15%). - Proba de tipo test para validar os coñecementos e destrezas adquiridos polo alumnado na realización da proba práctica sobre a Tradución Asistida por Computador; e tamén para avaliar os coñecementos e destrezas adquiridos de maneira autónoma polo alumnado relacionados cos temas pertinentes (15%).	30	CB1 CE14 CT5 CB2 CE31 CB3 CB4 CB5

## **Outros comentarios sobre a Avaliación**

### **1. CONSIDERACIÓNS DE TIPO XERAL RELACIONADAS COA AVALIACIÓN DA MATERIA**

#### **1.1. - Fontes en liña para o seguimento das actividades relacionadas, directa ou indirectamente, coa avaliación da materia**

Para poder estar informado/a puntual e detalladamente ao respecto de todas as cuestións **relacionadas, directa ou indirectamente, coa avaliación da materia**; o alumnado pode consultar as seguintes **fontes en liña de seguimento das actividades da materia**; habilitadas para este mester polos docentes da materia:

1. **Horarios e/ou titorías** da materia: Poderes consultar os horarios e/ou as titorías da materia na páxina web <http://jmv.webs.uvigo.es/horario.htm> . Os posibles cambios puntuais que se poidan realizar por causas varias vanse anunciar na páxina web de **anuncios** en <http://jmv.webs.uvigo.es/anuncios.htm> . Sería conveniente que o alumnado consultase a páxina web de anuncios antes de acudir ás titorías.
2. **Cualificacións** da materia. Todas as cualificacións da materia vanse publicar, exclusivamente, na páxina web <http://jmv.webs.uvigo.es/evaluacion.htm> . Non se van publicar cualificacións nin no FaiTIC nin na porta do despacho do profesorado da materia.
3. **Planificación "ideal" das actividades da materia**. A programación "ideal" das actividades da materia considérase como a programación "a priori" das actividades da materia, antes de empezar a súa docencia. Pódese, de maneira xeral, consultarse na Guía Docente (fonte oficial); e tamén, de maneira resumida, na páxina web <http://jmv.webs.uvigo.es/material.htm> ou no calendario, por días, dispoñible na páxina web <http://jmv.webs.uvigo.es/horario.htm#planificacion-ideal-calendario> .

#### **1.2. - Responsabilidade e oportunidades da avaliación da materia**

Ao respecto da avaliación do alumnado, o artigo 130 dos Estatutos da Universidade de Vigo (DOG nº 21 do 02/02/2010, 1268-1296) establece que: **1. A avaliación do alumnado correspóndelle ao profesorado responsable da docencia da materia**, agás nos casos en que sexa preciso un tribunal [...]. 3. Os e as estudantes teñen dereito a seren **avaliados dúas veces por curso académico**, segundo o procedemento que se especifique na guía docente da materia, e de tal xeito que só se reflecta na acta unha cualificación [...].

#### **1.3. - Sistema de cualificacións da materia**

Nas dúas oportunidades oficiais de avaliación vaise seguir o Real Decreto 1125/2003, do 5 de setembro (BOE nº 224 do 18/09/2003, 34355-34256) polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o Estado. En especial o artigo 5 do sistema de cualificacións que establece que: **4. Los resultados obtenidos por el alumno en cada una de las materias del plan de estudios se calificarán en función de la siguiente escala numérica de 0 a 10, con expresión de un decimal, a la que podrá añadirse su correspondiente calificación cualitativa: 0-4,9: Suspenso (SS). 5,0-6,9: Aprobado (AP). 7,0-8,9: Notable (NT). 9,0-10: Sobresaliente (SB) [...]. 6. La mención de «Matrícula de Honor» podrá ser otorgada a alumnos que hayan obtenido una calificación igual o superior a 9.0. Su número no podrá exceder del cinco por ciento de los alumnos matriculados en una materia en el correspondiente**

curso académico, salvo que el número de alumnos matriculados sea inferior a 20, en cuyo caso se podrá conceder una sola «Matrícula de Honor».

#### **1.4. - Publicación das cualificacións da materia**

Segundo o apartado 3 da disposición adicional vixésimo primeira, sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades: "No será preciso el consentimiento de los estudiantes para la publicación de los resultados de las pruebas relacionadas con la evaluación de sus conocimientos y competencias ni de los actos que resulten necesarios para la adecuada realización y seguimiento de dicha evaluación."

#### **1.5. - Duración das clases da materia**

Tradicionalmente no ámbito universitario, as clases de 2 horas tiñan una duración de 1 hora e 45/50 minutos, reservándose 10/15 minutos para traslados e cambios de aula. Isto, que era un acordo tácito, non escrito, non oficial, no curso académico 2015-16 o equipo decanal decidiu regulalo oficialmente por primeira vez.

Na Xunta de Facultade do 03/06/16 aprobouse un «Calendario interno da FFT para o curso 2016-17». No calendario que imos funcionar neste curso as clases de 2 horas duran 1 hora e 50 minutos e contan como tales, non como se fose de 2 horas. Así garántese, a priori, a impartición das 48 horas presenciais; e, por este motivo, a docencia se estende en 13 semanas, en vez das 12 semanas que lle correspondería.

Por outra banda, non consideraron necesario (ou conveniente) reservar un «período de traballo autónomo» neste curso 2016-17 (como si se fixo en cursos precedentes) na metade do cuadrimestre. Sen embargo, haberá uns días establecidos sen docencia para estudo/revisión a final de cada cuadrimestre e un calendario de exames con datas fixadas pola Vicedecana de Organización Académica.

Como a duración das clases compútase «por semanas», as 13 semanas inicialmente previstas representan «de facto» 52 horas de clase (13 semanas por 4h/semana); distribuídas en 26 sesións de 2h (1h50 de «docencia real» e 10 para traslados e cambios de aula), comezando cada sesión á hora e 5 minutos e rematando á seguinte hora a 55 minutos. Isto representa, polo tanto, 4 horas mais de clase ao respecto do que lle correspondería; para «compensar» as perdas de tempo cos cambios de aula.

## **2. - PRIMEIRA OPORTUNIDADE OFICIAL DE AVALIACIÓN DA MATERIA**

Na primeira oportunidade oficial de avaliación da materia o alumnado vai ter ao seu dispor dúas modalidades de avaliación diferentes (non exclúntes): a modalidade de "avaliación continua" e a modalidade de "avaliación final".

### **2.1. - Primeira oportunidade de avaliación da materia: modalidade de "avaliación continua"**

A modalidade de «avaliación continua», como o seu nome indica, está pensada para o alumnado que teña previsto asistir as sesións presenciais da materia (48 horas, a priori, en total).

Si ben a asistencia do alumnado ás clases é un dereito, pero non un deber e o profesorado debe habilitar os medios necesarios para facilitar a avaliación continúa aos que non vaian ás clases (véxase ao respecto: 1) o artigo 100 k) dos Estatutos da UVIGO que sinala que o alumnado ten dereito a «obter unha atención que lle facilite compaxinar os estudos coa actividade laboral»; 2) o artigo 46 k) da Ley Orgánica de Universidades (LOU) que dispón que os estudantes terán dereito a «una atención que facilite compaxinar los estudios con la actividad laboral»; e 3) o artigo 7 d) do Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, que establece que os estudantes teñen dereito a «una atención y diseño de las actividades académicas que faciliten la conciliación de los estudios con la vida laboral y familiar»):

- Aínda que non é obrigatoria a asistencia as devanditas sesións-horas presenciais para poder acollerse a esta modalidade de avaliación, desaconséllase a mesma a aquel alumnado que non poida asistir a un mínimo do 80% das sesións presenciais (38 horas).
- En calquera caso, o alumnado que decida acollerse a esta modalidade sen asistir as sesións presenciais vai ter exactamente os mesmos dereitos e as mesmas obrigas que os que si asistan as sesións presenciais.
- O alumnado que decida acollerse a esta modalidade sen asistir ás sesións presenciais non van ter tampouco ningún tipo de trato preferente e/ou de axuda adicional polo devandito feito. Por exemplo, é responsabilidade súa estar informados/as sobre as datas de entrega das diferentes probas e/ou das datas de realización das probas presenciais se as houbera; tamén é responsabilidade súa conseguir o material que os docentes da materia poidan distribuír nas clases presenciais, e/ou deixar na web, na plataforma de teledocencia ou no servizo de reprografía. Tampouco poden esixir «clases particulares»; aínda que, obviamente, poden consultar as súas dúbidas nas horas de titoría, como os demais alumnos/as da materia.



Independentemente da asistencia ou non as sesións presenciais, polo feito de non ser imputable ao alumnado, vanse ter en conta as especiais circunstancias de: 1) O alumnado de selectividade da convocatoria de setembro e o alumnado de intercambio (Erasmus, Sócrates, etc.) que normalmente incorpórase máis tarde á docencia do curso; 2) O alumnado con algún tipo de discapacidade física e/ou psíquica que requira dunha especial adecuación do sistema de avaliación, sempre e cando a súa discapacidade veña avalada por algún dos estamentos competentes da Universidade de Vigo: Gabinete Psicopedagóxico, titor/a PAT (Plan de Acción Titorial), etc.; 3) Calquera outro caso que, segundo os/as docentes da materia, requira dun tratamento da avaliación diferenciado.

O alumnado que se acolla á modalidade de avaliación continua poderá (e deberá) ir acumulando nota ao longo do curso ata un máximo de 10,0 puntos posíbeis (o 100% da nota final da materia).

Para aprobar a materia na avaliación continua desta primeira oportunidade oficial de avaliación o alumnado deberá obter un mínimo de 5,0 puntos sumando a cualificación obtida nas probas prácticas e a cualificación obtida nas probas de tipo test obtidas na avaliación continua da materia. Unha vez obtida esta cualificación, se quere, non fai falta que entregue ningunha práctica/proba máis.

A cualificación final obtida vai ser inamovíbel, salvo error manifesto de cómputo nas cualificacións, alegacións tidas en conta dentro do período contemplado para illo e/ou circunstancias moi excepcionais que serán estudadas polos docentes da materia. De existir algunha variación nas cualificacións, estas van ser sempre publicadas na web da materia e poderán ser consultadas por todo o alumnado.

O alumnado que non supere a avaliación continua desta primeira oportunidade de avaliación oficial ou queira mellorar a nota obtida na mesma pode tamén presentarse á avaliación final da primeira oportunidade de avaliación oficial. Neste caso, a cualificación que vai constar na súa primeira oportunidade de avaliación oficial vai ser sempre a obtida no exame único da avaliación final (aínda que sexa menor que a obtida na avaliación continua ou sexa de suspenso/a tendo previamente a avaliación continua aprobada). Para o alumnado que non supere (non se presente ou non aprobe) a avaliación continua desta primeira oportunidade, e non se presente á avaliación final única; a cualificación final que vai constar na acta oficial da materia vai ser a de NON PRESENTADO/A (N.P).

A avaliación continua vai consistir en:

### **2.1.1. - Probas prácticas da materia**

Constitúe o 70% da cualificación final total da materia (isto é, 7,0 puntos sobre os 10,0 posíbeis). Consistirá na realización dun conxunto de probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas relacionadas coa ofimática avanzada aplicada á tradución (45% da cualificación final total) e coa Tradución Asistida por Computador (25% da cualificación final total).

Cada unha das probas terá unas pautas concretas de obrigado cumprimento como son un tempo limitado de execución, unha data máxima de entrega e uns parámetros específicos de realización (programas e/ou versións concretos a empregar, formatos específicos de traballo, métodos concretos de entrega, etc.). Calquera proba entregada que non cumpra cos requisitos esixidos será penalizada segundo os parámetros de avaliación establecidos de antemán.

Aínda que a planificación e a estrutura xeral das probas poida ser semellante en cada curso académico as probas son diferentes en cada curso académico; ademais, para evitar a copia das mesmas entre o alumnado da materia existen un conxunto e mecanismos habilitados para detectar posibles copias. No caso de detectar algunha copia entre o alumnado e/ou algún intento de entregar unha práctica de cursos pasados, as persoas involucradas na copia serán automaticamente expulsadas da avaliación continua e a cualificación que constará na mesma será a de NON PRESENTADO/A (N.P.); aínda que, se queren, poderán presentarse a avaliación final única.

Cada proba podrá entregarse unha soa vez. No caso de entregar máis dunha vez unha proba dentro do prazo establecido, vai considerarse como válida á última das versións entregadas (pero de entregarse novamente, hai que volvela a entregar toda). Unha vez expirado o prazo máximo de entrega non se aceptará proba algunha (agás circunstancias especiais que valoraran os docentes da materia); e as probas non entregadas cualificaranse con 0,0 puntos.

Vanse establecer diferentes quendas de entrega das probas prácticas de maneira que, una vez rematadas as sesións presenciais de cada encomenda ou suposto, o alumnado dispuña aínda, como mínimo, dunha ou dúas semanas complementarias para poder acabalas de maneira autónoma (por si fose o caso de ter que dispor de máis tempo para illo).

**P1 - PROBA PRÁCTICA Nº 1.** Son 21,0 horas de clase (máis 8 horas de clase para compensar o tempo perdido cos cambios de aula) e 41,5 horas autónomas do alumnado, con 10,5 horas de práctica avaliativa autónoma do alumnado. Valor total da proba: 4,5 puntos.

Está relacionada co Módulo-1 do Tema-2 (□A ofimática avanzada aplicada á tradución□). O obxectivo desta práctica é aplicar

os coñecementos e destrezas adquiridos neste módulo ao ámbito específico da tradución profesional. A práctica constitúe un máximo de 4,5 puntos da avaliación continua da materia. **Consiste na realización e posterior entrega de 1 das 3 encomendas ou supostos de tradución relacionados con este ámbito.** Se o alumnado asiste regularmente as clases presenciais terá realizado xa, aproximadamente, o 80% da práctica (en calquera das 3 encomendas); o 20% restante forma parte do traballo a realizar de maneira autónoma por parte do alumnado segundo explícita as directrices de Bolonia. As tres encomendas conteñen tamén aspectos relacionados coas novas tecnoloxías da tradución e a comunicación (TIC) e a xestión de proxectos, as ferramentas telemáticas e o traballo colaborativo no ámbito da tradución profesional. **Unha vez finalizadas as 21 horas de clase vaise facer un sorteo público para decidir cal das 3 encomendas vaise ter que entregar para ser avaliada. O alumnado vai dispor, con posterioridade, de 2 semanas (8 horas de clase) para poder acabar na aula informática a encomenda escollida.**

- **P1-E1 - PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-1:** centrada nas funcións avanzadas dos procesadores de texto e das follas de cálculo relacionadas co ámbito profesional da tradución e coa maquetación profesional de documentos (9,0 horas de clase --mais 8 horas compartidas entre as 3 encomendas para compensar o tempo perdido cos cambios de aula-- e, aproximadamente, 17,8 horas autónomas do alumnado, con 4,5 horas de práctica avaliativa autónoma do alumnado; Módulo-1 do Tema-2). Valor total da encomenda: 4,5 puntos. Prazo máximo previsto para a súa entrega (segundo os parámetros dispostos na propia encomenda): o luns 07/11/16 ás 23:59 horas.
- **P1-E2 - PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-2:** centrada na telemática, e a creación, tradución e hospedaxe de páxinas web (6,0 horas de clase --mais 8 horas compartidas entre as 3 encomendas para compensar o tempo perdido cos cambios de aula-- e, aproximadamente, 11,8 horas autónomas do alumnado; con 3,0 horas de práctica avaliativa autónoma do alumnado; Módulo-1 do Tema-2). Valor total da encomenda: 4,5 puntos. Prazo máximo previsto para a súa entrega (segundo os parámetros dispostos na propia encomenda): o luns 07/11/16 ás 23:59 horas.
- **P1-E3 - PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-3:** centrada nos programas lexicográficos, nas bases de datos de todo tipo e nas follas de cálculo relacionados co ámbito profesional da tradución (6,0 horas de clase --mais 8 horas compartidas entre as 3 encomendas para compensar o tempo perdido cos cambios de aula-- e, aproximadamente, 11,8 horas autónomas do alumnado; con 3,0 horas de práctica avaliativa autónoma do alumnado; Módulo-1 do Tema-2). Valor total da encomenda: 4,5 puntos. Prazo máximo previsto para a súa entrega (segundo os parámetros dispostos na propia encomenda): o luns 07/11/16 ás 23:59 horas.

**P2 - PROBA PRÁCTICA Nº 2.** Son 16,0 horas de clase e, aproximadamente, 32,0 horas autónomas do alumnado e 8,5 horas de práctica avaliativa autónoma do alumnado. Valor total da proba: 2,5 puntos.

Está relacionada co Tema-3 (□A tradución asistida por computador□). O obxectivo desta práctica é aplicar os coñecementos e destrezas adquiridos neste módulo no ámbito profesional da tradución. A práctica constitúe un máximo de 2,5 puntos da avaliación continua da materia. Consta en tres encomendas, das que a □ENCOMENDA Nº 1" e a "ENCOMENDA Nº 2□ son non avaliábeis e soamente van servir para adquirir experiencia cara á □ENCOMENDA Nº 3□, que si vai ser avaliábeis.

- **P2-E1 - PRÁCTICA-2, ENCOMENDA Nº 1:** é non avaliábeis e soamente vai servir para adquirir experiencia cara á □ENCOMENDA Nº 3□, que si é avaliábeis.
- **P2-E2 - PRÁCTICA-2, ENCOMENDA Nº 2:** é non avaliábeis e soamente vai servir para adquirir experiencia cara á □ENCOMENDA Nº 3□, que si é avaliábeis.
- **P2-E3 - PRÁCTICA-2, ENCOMENDA Nº 3:** supón un total de 2,5 puntos na □avaliación continua□. Prazo máximo previsto para a súa entrega (segundo os parámetros dispostos na propia encomenda): o luns 12/12/16 ás 23:59 horas.

Como software específico para a súa realización usaremos (a priori e se non hai ningún cambio de última hora) o programa de tradución asistida por computador **Déjà Vu X2 Pro(fessional)**. O programa é de pagamento, pero pódese descargar de Internet unha versión shareware (de proba) por un período de 30 días dende a súa instalación. Este programa soamente está dispoñible para Ms-Windows. Non hai ningunha versión para Mac OS X nin para Linux. Non vamos a usar tampouco ningún outro programa equivalente □de código aberto□ tipo OmegaT. A versión instalada nos computadores da aula informática Newton-17 vai ser operativa durante 6 meses. Como este programa ten as veces algúns problemas de funcionamento co Windows-7, nestes casos, aconséllase traballar coas versións instaladas na aula informática sobre Windows XP. En caso de cambiar de programa de tradución asistida, de versión e/ou de aula informática, avisarase ao alumnado coa suficiente antelación.

### 2.1.2. - Probas de tipo test da materia

Constitúe o 30% da cualificación final total da materia (isto é, 3,0 puntos sobre os 10,0 posíbeis). Consistirá na realización de dúas probas de tipo test para avaliar os coñecementos relacionados coas competencias da materia.

As preguntas van dirixidas, de maneira particular, a validar os coñecementos e destrezas adquiridos na realización das

diferentes probas práctica relacionados coas competencias da materia; e, de maneira xeral, para avaliar os coñecementos e destrezas adquiridos nos diferentes temas 1, 2 e 3 relacionados coas competencias da materia.

No caso de detectar algunha copia entre o alumnado, as persoas involucradas na copia serán automaticamente expulsadas da avaliación continua e cualificadas con NON PRESENTADO/A (N.P.); aínda que poderán presentarse á avaliación final.

O valor de cada resposta correcta será proporcional ao número total de preguntas formuladas e ao principio de cada test vaise establecer (de maneira moi clara e por escrito) as posibles penalizacións das respostas incorrectas e/ou das respostas deixadas en branco. Estes parámetros poden variar dun test a outro desta avaliación continua ou da avaliación final.

- **T1 - PROBA DE TIPO TEST Nº 1:** Son 0,5 horas de clase. Valor: 1,5 puntos. Prazo máximo previsto para a súa realización: a primeira media hora da primeira sesión de cada grupo da semana do 07/11/16 ao 13/11/16. Está relacionada co Tema nº 1 ("Introdución á materia de 'Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática'"), o subtema do Tema nº 2 ("A ofimática aplicada á tradución"), e a proba Práctica nº 1 da materia.
- **T2 - PROBA DE TIPO TEST Nº 2:** Son 0,5 horas de clase. Valor: 1,5 puntos. Prazo máximo previsto para a súa realización: a primeira media hora da primeira sesión de cada grupo da semana do 12/12/16 ao 18/12/16. Está relacionada co subtema do Tema nº 2 ("Introdución a Tradución Asistida por Computador"), o Tema nº 3 ("A Tradución Asistida por Computador"), e a proba Práctica nº 2 da materia.

Na medida do posible vaise tentar respectar esta programación establecida "a priori"; pero, obviamente, a mesma fica suxeita a posibles cambios de última hora debidos a imprevistos de tipo persoal, académico e/ou técnico (que serían oportunamente informados a todo o alumnado da materia a través de todos os medios dispoñíbeis para illo).

## **2.2. - Primeira oportunidade de avaliación da materia: modalidade de "avaliación final única"**

O alumnado que se acolla á modalidade de avaliación final única na primeira oportunidade de avaliación oficial vai ter que realizar unha única proba de tipo test cun valor máximo de 10,0 puntos en total (o 100% da nota final).

Nesta modalidade de avaliación final única da primeira oportunidade de avaliación oficial, dada a especial idiosincrasia desta materia e dos especiais requisitos de hardware e software que precisa a priori; por razóns de tempo, infraestrutura e de procedemento, basicamente, non se vai esixir ao alumnado (a diferenza da avaliación continua) que faga ningunha proba/encomenda práctica.

Sen embargo, nesta proba tipo test, váiselle esixir (entre outras cuestións) que probe que sabería facelas se fose necesario (que sabería utilizar os programas, formatos, procedementos, metodoloxías, etc. esixíbeis para a súa realización).

Así, pois, as preguntas desta proba tipo test estarán relacionadas, de maneira xeral, con aspectos teóricos e prácticos da materia; pero, de maneira particular, tamén coas probas prácticas de execución de tarefas reais e/ou simuladas realizadas na modalidade de avaliación continua da primeira oportunidade de avaliación oficial.

O valor de cada resposta correcta será proporcional ao número total de preguntas formuladas e ao principio de cada test vaise establecer (de maneira moi clara e por escrito) as posibles penalizacións das respostas incorrectas e/ou das respostas deixadas en branco. Estes parámetros poden variar ao respecto dos diferentes test da modalidade de avaliación continua realizados.

De detectarse algún intento de copia na proba de tipo test, o alumnado involucrado será de inmediato cominado a abandonar a aula e a súa proba será cualificada con SUSPENSO/A (0,0 puntos).

Para aprobar a materia nesta avaliación final da primeira convocatoria oficial de avaliación o alumnado deberá obter un mínimo de 5,0 puntos na proba de tipo test (sen excepción algunha).

Por acordo da Xunta de Facultade do 03/06/16, O exame / A proba/ A entrega de traballos para o alumnado de avaliación única será a data establecida no calendario de exames aprobado en Xunta de FFT".

## **3. - SEGUNDA OPORTUNIDADE OFICIAL DE AVALIACIÓN DA MATERIA**

A segunda oportunidade oficial de avaliación da materia rexerase polos mesmos parámetros que a primeira oportunidade de avaliación da materia na súa modalidade de avaliación final única. Con todo, os parámetros relacionados coas posibles penalizacións das respostas incorrectas e/ou das respostas deixadas en branco poden variar ao respecto desta.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Díaz Fouces O.; García González, M. (eds.), **raducir (con) software libre**, Comares, 2008

Oliver, A., **Herramientas tecnológicas para traductores**, UOC, 2016

---

Oliver, J.A.; Moré, J.; Climent, S. (coords.), **Traducción y tecnologías**, UOC, 2008

Santilli, D., **Manual de informática aplicada a la traducción**, Editorial del CTPCBA, 2016

---

### **Bibliografía Complementaria**

Corpas, G.; Varela, M. J., **Entornos informáticos de la traducción profesional: las memorias de traducción**, Atrio, 2003

Morley, D.; Parker, Ch. S., **Understanding Computers: Today and Tomorrow**, 14th Edition Comprehensive, Course Technology, Cengage Learning, 2013

Moro, M., **Tratamiento informático de la información (incluye CD)**, Paraninfo, 2010

Ramos Martín, A.; Ramos Martín, M. J., **Aplicaciones web (incluye CD)**, Paraninfo, 2011

Reineke, D. (coord.), **raducción y localización: mercado, gestión y tecnologías**, Anroart Ediciones, 2005

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada/V01G230V01931

Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01924

Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01923

Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01922

---

### **Outros comentarios**

1) A diferenza da maioría das materias do grao, nesta materia NON se utilizará a plataforma de teledocencia Tema de Faitic (<http://faitic.uvigo.es>) como contorna de comunicación virtual e colectiva preferente da materia. Esta "ferramenta" será tratada na materia como unha ferramenta informática (software) máis que o alumnado de tradución e interpretación debe coñecer; e, por iso, asignaráselle un tempo determinado dentro do contido da materia para o seu coñecemento e aprendizaxe.

Pola contra, como contorna de comunicación virtual e colectiva preferente, usarase o SITIO WEB <http://jmv.webs.uvigo.es> Á propósito do mesmo, será responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da devandita plataforma e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar e/ou teñen que entregarse.

2) Esta materia proporciona a adquisición de coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas básicas (hardware e software) de tipo xeral relacionadas coa tradución.

Para adquirir coñecementos e destrezas no manexo de ferramentas informáticas especializadas relacionadas coa tradución, e sobre todo relacionadas co ámbito da tradución multimedia (localización e tradución audiovisual), considérase imprescindible cursar as materias de 4º curso do Grao: i) "Ferramentas para a Tradución e Interpretación V: Informática avanzada" [que consolida e amplía os coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas de tradución asistida adquiridos na materia de 1º curso do grao; e, ademais, proporciona una primeira aproximación aos coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas especializadas empregadas na tradución multimedia (no apartado da localización: de páxinas web, software e videoxogos)], e; ii) Algunha das combinacións de "Tradución medios audiovisuais" [que proporciona una primeira aproximación aos coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas especializadas empregadas na tradución multimedia (no apartado da tradución audiovisual: subtítulo, dobraxe, voice-over)].

Dese xeito pódese atinxir un dominio satisfactorio dos coñecementos e das destrezas das principais ferramentas informáticas (hardware e software) relacionadas coa práctica profesional da tradución e a interpretación glosados na listaxe de competencias do Grao (xenéricas e especializadas).

3) Dado que para o desenvolvemento e a avaliación da materia atinxen tanto as horas de traballo presenciais na aula informática como as horas de traballo persoal autónomo do alumnado, considérase imprescindible a asistencia do alumnado ás primeiras sesións (3 horas) introdutorias da materia (en no grupo que teña asignado/a) coa finalidade de estar informado/a do funcionamento da materia, dos contidos, da planificación e metodoloxías docentes que vanse empregar, dos mecanismos de seguimento da docencia, etc. Desta maneira vai poder contar coa suficiente información para poder decidir a modalidade de avaliación que quere seguir.

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Galego**

Materia	Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Galego			
Código	V01G230V01201			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Palacio Sánchez, José Antonio Solla González, Amparo			
Profesorado	Palacio Sánchez, José Antonio Solla González, Amparo			
Correo-e	asolla@uvigo.es xpalacio@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Partindo de que o alumnado posúe un nivel C2 do Marco Europeo de Referencia para a aprendizaxe de linguas, a materia revisa en profundidade e reforza os coñecementos que posúen os discentes á vez que incide na aplicación práctica da norma adaptada á construción de manifestacións discursivas formais nos diferentes contextos comunicativos orais e escritos.			

**Competencias**

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT23	Capacidade de traballo individual

**Resultados de aprendizaxe**

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
- Desenvolver autonomía na produción e corrección de diferentes tipos de textos orais e escritos utilizando axeitadamente os recursos da lingua galega.	CB1	CE3	CT7
	CB2	CE4	CT8
Coñecementos de cultura xeral e civilización	CB3	CE17	CT9
Dominio oral e escrito da lingua propia	CB4	CE18	CT15
	CB5	CE25	CT23
		CE27	
		CE33	

**Contidos**

## Tema

1. A norma escrita da lingua galega	1.1. A acentuación 1.2. Signos ortográficos 1.3. Grupos consonánticos 1.4. Sufixos e terminacións 1.5. Paradigmas morfolóxicos do galego
2. Morfosintaxe	2.1. O artigo 2.2. O substantivo e adxectivo 2.3. O pronome persoal 2.4. Posesivos e demostrativos 2.5. Cuantitativos e indefinidos 2.6. O verbo 2.7. O adverbio, a preposición, a conxunción.
3. Lingua oral e lingua escrita	3.1. A linguaxe como medio de comunicación 3.2. Escritura e oralidade
4. O texto	4.1. Coherencia e cohesión textual 4.2. Tipoloxía textual en galego

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	21	21	42
Eventos docentes y/o divulgativos	3	6	9
Presentacións/exposicións	3	21	24
Lección maxistral	15	30	45
Actividades introdutorias	4	8	12
Probas de resposta curta	2	16	18

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	O alumnado levará a cabo a resolución de problemas e exercicios específicos para a materia explicada. Adóitase utilizar como complemento da clase maxistral.
Eventos docentes y/o divulgativos	Os discentes asistirán a conferencias e actividades que complementen a súa formación.
Presentacións/exposicións	O alumnado exporá perante o docente e/ou un grupo de estudantes un tema sobre os contidos da materia ou os resultados dun traballo, exercicio.
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, directrices dun traballo e actividades que o alumnado debe desenvolver.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado e reunir información sobre o grupo así como a presentar a materia

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	O profesor terá titorías individualizadas ou en pequenos grupos antes da exposición dos temas por parte do alumnado.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas	Durante o curso a profesora especificará cales das diferentes actividades prácticas serán avaliadas. Terase moi en conta a actitude e participación do alumnado nas aulas.	20	CB2 CE3 CT15 CB3 CE4 CT23 CB4 CE18 CB5 CE25 CE33
Eventos docentes y/o divulgativos	Valorarase a asistencia a calquera actividade programada relacionada coa materia e a entrega dunha recensión persoal.	5	CB2 CE25 CT8 CB5 CT15

Presentacións/exposicións	Valorarase a preparación dun traballo tutelado, individual e breve (5 folios) no que se atenderá especialmente á corrección do texto.	10	CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE17 CE18 CE27 CE33	CT7 CT8 CT9 CT15
Lección maxistral	Valorarase a atención dos discentes, a súa curiosidade intelectual, a reflexión e mesmo o debate se se considera oportuno.	15	CB2 CB3 CB4 CB5		
